

# A nosa vida...en positivo? VI

Vulnerabilidade social en adolescentes  
Curso 18-19



## MEMORIA DE AVALIACIÓN

**24 de ABRIL DE 2019**

**De 16.30 a 18.00 h**

**SALÓN DE ACTOS DO IES ANTONIO FRAGUAS**

**“PROBLEMÁTICA SOCIO-SANITARIA E XUDICIAL DERIVADA DO CONSUMO DE ESTUPEFACIENTES E PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO CASO DE DETECCIÓN DUN DELITO SEXUAL”**

**Charla informativa a cargo de**

- **D<sup>a</sup> Cecilia López Blanco (Psiquiatra do Servizo de Paidopsiquiatría do CHUS)**
- **D<sup>a</sup> Ana López-Suevos (Maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago)**



## Índice

	<b>Páxs.</b>
1. O proxecto “A nosa vida..., en positivo?” estaba fundamentado en	5
2. E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos	15
3. O desenvolvemento do proxecto	17
3.1.- O inicio	18
3.2.- A “fase PRE”	18
3.2.1.- A organización	18
3.2.2.- A difusión do proxecto	19
3.3.- A “fase DURANTE”	20
4. A avaliación de resultados	
4.1.- Como se fixo a avaliación?	21
4.2.- Avaliación cualitativa	22
4.3.- Suxestións para vindeiras edicións	25
5. A modo de resume	
5.1.- A actividade en imaxes	29
5.2.- Os soportes documentais	30

# A nosa vida...en positivo? VI

Vulnerabilidade social en adolescentes  
Curso 18-19



**24 de ABRIL DE 2019**

De 16.30 a 18.00 h

**SALÓN DE ACTOS DO IES ANTONIO FRAGUAS**

**“PROBLEMÁTICA SOCIO-SANITARIA E XUDICIAL DERIVADA DO CONSUMO DE ESTUPEFACIENTES E PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO CASO DE DETECCIÓN DUN DELITO SEXUAL”**

**Charla informativa a cargo de**

- **D<sup>a</sup> Cecilia López Blanco (Psiquiatra do Servizo de Paidopsiquiatría do CHUS)**
- **D<sup>a</sup> Ana López-Suevos (Maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago)**



I.- O proxecto "A nosa vida..., en positivo?"  
estaba FUNDAMENTADO...



Nos últimos anos o barrio das Fontiñas caracterizouse por un sólido percorrido da rede comunitaria, a través do Plan de Desenvolvemento Comunitario que naceu coa finalidade de incrementar o benestar de todos os colectivos que residen nesta zona, promovendo a súa inclusión social e a participación activa dentro da súa comunidade. Neste senso, teñen cabida varios programas e proxectos que seguen este fío condutor da mellora social. Nesta ocasión, a 6ª edición do Proxecto **A Nosa Vida... en Positivo?** sobre vulnerabilidade dos adolescentes, retoma un formato xa experimentado nunha edición anterior coa charla informativa de dúas profesionais do ámbito xudicial e sanitario para abordar o tema das drogodependencias. Ademais incorpora como novidade o procedemento de actuación no caso de detección dun delito sexual.

Neste tempo as entidades socioeducativas do barrio de Fontiñas, adoptamos unha perspectiva de traballo coordinado, en rede, que non obviou a esfera asistencial (de cobertura de necesidades básicas e de facer efectivos os dereitos constitucionais que asiste a cada cidadán), pero que incide nos ámbitos preventivos e de integración.

No traballo comunitario levado a cabo, tivo especial incidencia a intervención co colectivo infantoxuvenil, polas circunstancias sociais<sup>1</sup> que caracterizaban á zona, e co obxectivo claro de tentar mellorar as situacións familiares e as circunstancias sociais que afectaban a este grupo de idade. Liñas de intervención dirixidas a frear o absentismo escolar e a mellorar a convivencia nas familias e no contorno comunitario foron os alicerces das denominadas xuntanza de barrio.



Pero en Fontiñas, ó longo da súa existencia, as características sociais do barrio experimentaron notables cambios. Segue tendo unha pirámide poboacional nova (aínda que menos), na que o reemprazo xeracional está garantizado, pero o colectivo de persoas maiores irrompe con forza no espectro social, cunha tendencia á alza. As condicións xeográficas do barrio e a configuración urbanística son as que condicionaron e

<sup>1</sup> Ao longo desta andadura, realizáronse tres estudos e diagnósticos comunitarios co fin de coñecer a realidade social do barrio, unha detección precoz de necesidades, un rexistro de recursos e un priorización de liñas de intervención.


Fonte III Diagnóstico Comunitario, levado a cabo no ano 2015, onde podemos constatar que os menores representan o 15,7 % da poboación de dereito do barrio e os maiores xa supoñen o 14,2 %. Estes datos desglósanse polo miúdo a continuación.

Mais información na rede comunitaria do barrio de Fontiñas, na web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)



seguen condicionando a realidade social; Fontiñas caracterízase pola súa accesibilidade; aínda que todo é susceptible de melloras, si se pode afirmar que é un dos barrios que conta con maiores elementos e factores que facilitan a vida de calquera persoa que presente limitacións ou dificultades de mobilidade.

Gráfico nº 1: Distribución da poboación do barrio de Fontiñas pola variable idade.



Retomando a idea expresada do párrafo anterior, o reemprazo xeneracional segue estando garantizado ao alcanzar o colectivo dos máis novos o 15,7 % da poboación e o dos maiores, o 14,2 %, existindo unha diferenza entre ambos de tan só o 1,5 %.

Fonte: Información facilitada polo Padrón Municipal; datos traballados dende a UTS Fontiñas, xullo, 2015.

Nesta ocasión foi o colectivo de **persoas adultas** do barrio o destinatario da actividade, contando ademais coa colaboración da ANPA do IES Antonio Fraguas para a súa difusión e dos técnicos das entidades da rede comunitaria.

En Fontiñas, un barrio aínda novo, pero cunha importante traxectoria vital, fíxose necesario que as entidades socioeducativas da zona fixeramos unha “parada no camiño”, na que se puidera reflexionar sobre a realidade social do barrio, as súas necesidades actuais, as súas potencialidades (que tamén as hai) e as liñas de intervención que deben marcar a actuación dos distintos servizos públicos e entidades sociais nos vindeiros anos. Traballar con obxectivos reais é sinónimo de rigor técnico e profesional, de eficacia e de eficiencia. Realízase así, por parte da UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios), o *III Diagnóstico Comunitario*<sup>2</sup> da zona (ano 2015), contando coa estreita colaboración de tódalas entidades educativas, sanitarias e sociais do barrio, e dando cumprimento ao establecido no art. 11.b da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: a elaboración dun plan de intervención comunitario, acorde coas necesidades detectadas no diagnóstico social.

<sup>2</sup> Pódese visualizar e consultar o Diagnóstico Comunitario de Fontiñas na web municipal [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)




**nº 2: A realidade social no barrio de Fontiñas.**



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.

E, en consecuencia, impleméntase un traballo integral a nivel comunitario, baseado na **intervención conxunta, en rede**, respectando as características de cada servizo, pero buscando ao mesmo tempo as sinerxias e os puntos de encontro que permitan buscar obxectivos comúns e compartir estratexias de traballo:

**Gráfica nº 3: A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.**





Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, xullo 2015.

Gráfica nº 4: **A intervención comunitaria no barrio de Fontiñas.**



E con estes proxectos ó longo dos anos foron angadándose ámbitos de intervención que pretendían traballar, basicamente, estes aspectos:

Gráfica nº 5: **Eixes que inspiran a intervención comunitaria no ano 2015.**



Fonte: UTS Fontiñas (pertencente aos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela), ano 2015.





Polo tanto, nesta nova edición de *“A nosa vida... en positivo?”* tratamos de conxugar por unha banda, as peticións dos participantes en edicións anteriores, trasladadas nas diferentes avaliacións dos proxectos comunitarios previos, e pola outra, a solicitude expresa da ANPA do IES Antonio Fraguas sobre a súa inqueda no tema das drogodependencias. Ambas razóns sustentan a continuidade destas accións. Por outra banda, temos en conta as reflexións de profesionais desta rede que vemos a importancia de incorporar outros aspectos de tanto calado, como pode ser nesta ocasión o tema dos delitos sexuais. A isto únese a potencialidade de contar cunha experta neste tema. Polo tanto, á forma habitual de traballar a partir de modelos de avaliación participativa, que nos permite coñecer opinións, intereses e inquedanzas dos participantes, únese a necesidade e oportunidade de abordar novas temáticas de indubidable interese. Por iso, tratamos de darlles unha resposta, con novas edicións de proxectos comunitarios é intervir con rigor e tecnicamente.


A situación de alarma social pola violencia de xénero aumenta. Os datos son realmente preocupantes e o tratamento nos medios de comunicación, sensacionalista e inadecuado ás veces. As iniciativas nas redes sociais tratan de abrir xanelas de protesta e concienciación así como a mobilización social nos últimos tempos ante casos como o da “manada”. Todo isto, presenta un escenario altamente preocupante e evidencia a necesidade de que nós queiramos aportar o noso gran de area!.

Dende o equipo comunitario, no que hai unha presenza importante de mulleres e unha clara sensibilidade cara estes temas, por razóns persoais e profesionais, perfílase como unha necesidade. Son problemáticas que se abordan dende cada un dos nosos contornos de traballo: familiar, educativo, sanitario, social.... Facelo agora nun proxecto común implica visibilizalo e poñelo en valor. Tratar a igualdade de xénero desde esta óptica multiprofesional e con este enfoque comunitario, de conxunto, pon claramente a énfase na prevención e na toma de conciencia do noso colectivo de menores e as súas familias.

O ámbito educativo, a través do IES Antonio Fraguas e neste caso contando coas familias como pilar importantísimo da comunidade educativa, insiste nos moitos os aspectos que unha actividade formativa destas características pode desenvolver. En primeiro lugar, e a nivel xeral, todos aqueles elementos relacionados co proxecto educativo do centro (PEC) como son a mellora da convivencia, a apertura ó contexto, a realidade plural, ...integrados nunha forma ampla e flexible de entender a educación en valores. Algúns deles quedan reflectidos na figura seguinte.



Gráfica nº 6: Trazos definatorios do IES Antonio Fraguas.



Fonte: *Trazos de identidade do IES Antonio Fraguas* (Proxecto Educativo, Plan de Convivencia), 2013.

Ademais, dende o Departamento de Orientación, catalizador e dinamizador de moitas das propostas de tipo colaborativo no centro, e de traballo en rede no barrio, séguese un modelo de intervención sociopsicopedagóxico que ten a prevención mediante programas, como una liña habitual de actuación nos diferentes ámbitos que abrangue.


Gráfica nº 7: Ámbitos de intervención do Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas.





Fonte: Departamento de Orientación IES Antonio Fraguas, ANO 2013

Gráfica nº8: Plan de Acción Tutorial do IES Antonio Fraguas.



Fonte: Departamento de Orientación IES Antonio Fraguas, ANO 2013

No Plan de Acción Tutorial, elaborado polo Departamento de Orientación, ademais cobran sentido as sinerxías que se establecen cando falamos de cuestións como: a educación do alumnado como persoas e como futuros cidadáns, e por suposto, a información e a formación cara situacións de vulnerabilidade. E non podemos esquecer que como educadores, compartimos coas nais e pais a educación dos seus fillos. A cuestión de xénero emerge como un tema transversal de especial relevancia en tódolos ámbitos da comunidade educativa, pero que merece ter tempos e espazos específicos para non verse diluído como ás veces sucede con determinados aspectos da transversalidade: como é de todos termina non sendo de ninguén.

O marco legal educativo precisa a necesidade de poñer en marcha proxectos e medidas que aseguren a igualdade. Así, no *Decreto 8/2015* que desenvolve a *Lei 4/2011 de 30 de Xuño de Convivencia e Participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*, di claramente que a convivencia nos centros debe orientarse “a educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas”(Art. 3) e máis adiante indica a propósito do



Plan de Convivencia que debe “facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas” (Art. 12). No Art. 21 falando de “Accións preventivas e medidas para a mellora”, indícase que se inclúan “actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero”.

Ben, pois tendo presente todo isto, dende o PASS Fontiñas (Concellería de Políticas Sociais, Diversidades, Saúde e Centro Cívicos) e o IES Antonio Fraguas, contando coa colaboración das restantes entidades do barrio e recollendo ese “*testemuño*” lanzado polo propio alumnado, preténdese levar a cabo novamente o proxecto formativo “**A nosa vida..., en positivo?; 6ª ed.**”, dirixido basicamente ás familias dos nosos adolescentes, coa finalidade de traballar aspectos inherentes a situacións de vulnerabilidade ou de risco social, conxugados con reflexións técnicas e aplicacións prácticas.

Gráfica nº 9: **Trazos de identidade do proxecto comunitario “A nosa vida..., en positivo?”.**



Fonte: UTS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios) e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.

Este proxecto, cun claro enfoque preventivo, enmarcaríase nas seguintes liñas de intervención:

- + **Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario:** Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociadas.
- + **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.

Gráfica nº 10: Fins da intervención comunitaria.



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela, 2015.

Foi un proxecto que se fundamentou tanto en aspectos vinculados á prevención primaria como secundaria.

No primeiro dos casos (prevención primaria) as accións formativas que se leven a cabo teñen como obxecto a prevención da aparición de condutas antisociais en poboación que aínda non presenta esta problemática; serían actividades dirixidas a adolescentes, en xeral, que pretenden asegurar o seu normal desenvolvemento.

No segundo (prevención secundaria), diríxese a adolescentes que amosan algún signo de condutas disruptivas ou de risco e preténdese minguar factores de risco.


Este proxecto tamén se liga cos contidos establecidos nas liñas de actuación municipais de prevención de drogas. Así, neste eido, hai un ámbito referido á prevención comunitaria, tendo como destinatarios á totalidade da poboación, tratando de favorecer a integración social de todas as persoas. A actuación comunitaria é unha estratexia metodolóxica que busca comprometer e coordinar a todos os colectivos que forman a comunidade e que, entre todos, se poidan realizar aportacións na prevención de drogodependencias.



Gráfica nº 11: A repercusión social dos proxectos comunitarios.



Fonte: UTS Fontiñas – Servizos Sociais Comunitarios Básicos do Concello de Santiago de Compostela e Departamento de Orientación do IES Antonio Fraguas, 2015.



II.- E co proxecto pretendíase acadar os seguintes obxectivos...



- **Xeral:**
  - Facilitar información e formación ás familias da poboación adolescente do barrio sobre actitudes positivas para o seu óptimo desenvolvemento vital e as situacións de risco e vulnerabilidade ante determinadas condutas.
- **Específicos:**
  - Fomentar a participación das familias na comunidade educativa e na vida comunitaria do barrio.
  - Axudar as familias a que os adolescentes desenvolvan conciencia crítica sobre o seu modo de actuar e proceder.
  - Achegar información sobre a forma de proceder en situacións de delitos sexuais.
  - Aprender a exercer os dereitos de forma responsable, respectando sempre o que está “ao teu carón”.
  - Poñer de manifesto as consecuencias, dende un punto de vista legal e práctico, de determinadas condutas.
  - Estimular o debate-reflexión activa de xeito colectivo coas familias.
  - Fomentar a xeración de espazos de punto de encontro entre os distintos axentes da comunidade.
  - Reforzar “espazos de encontro” nos que estean presentes os valores de autonomía, igualdade e solidariedade social.
  - Fomentar hábitos e estilos de vida e ocio saudables.
  - Fortalecer as pontes entre a institución escolar e a comunidade
  - Seguir a consolidar o traballo en rede iniciado no ano 1998.







### III.1.- O INICIO.

A idea inicial de deseñar e levar a cabo de novo o presente proxecto xurdiu nunha xuntanza de barrio, dados os resultados acadados nas anteriores edicións e a solicitude expresa da ANPA do IES Antoio Fraguas sobre a súa inquedaanza no tema das drogodependencias. Ambas razóns sustentan a continuidade destas accións. Por outra banda, temos en conta as reflexións de profesionais desta rede que vemos a importancia de incorporar outros aspectos de tanto calado, como pode ser nesta ocasión o tema dos delitos sexuais. A isto únese a potencialidade de contar cunha experta neste tema. Polo tanto, á forma habitual de traballar a partir de modelos de avaliación participativa, que nos permite coñecer opinións, intereses e inquedaanzas dos participantes, únese a necesidade e oportunidade de abordar novas temáticas de indubidable interese.

A **actuación** foi a seguinte:

1. **Charla-obradoiro que versa sobre: PROBLEMÁTICA SOCIO-SANITARIA E XUDICIAL DERIVADA DO CONSUMO DE ESTUPEFACIENTES E PROCEDIMENTO DE ACTUACIÓN NO CASO DE DETECCIÓN DUN DELITO SEXUAL** dirixido a familias das ANPAS do barrio e do resto da cidade que quixeran asistir, a poboación adulta en xeral e aos técnicos da rede comunitaria.

### III.2.- A FASE PRE.

#### III.2.1.- A organización.

Para concretar esta idea procedeuse a unha distribución de “papeis”:

- 📄 **Elaboración do proxecto:** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas e das técnicas do PASS Fontiñas (Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).



- **Contacto coas ponentes** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Contacto coa ANPA:** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Xestión do espazo e equipamento:** IES Antonio Fraguas, a cargo da orientadora do devandito centro.
- **Cartel para a difusión:** elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Impresión do cartel:** Os carteis para o día da xornada a cargo das técnicas do PASS Fontiñas e da orientadora do IES Antonio Fraguas.
- **Elaboración da memoria:** a cargo da orientadora do IES Antonio Fraguas e das técnicas do PASS Fontiñas ( Traballadoras Sociais e educadora Social- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Santiago de Compostela).

### III.2.2.- A difusión do proxecto.

- 1) Difusión a través das redes telemáticas, tanto a do IES Antonio Fraguas ([www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/](http://www.edu.xunta.es/centros/iesantoniofraguas/)), a ANPA Antón Fraguas (<https://es-es.facebook.com/anpaantonfraguas/>) a do Concello de Santiago de Compostela ([www.santiagodecompostela.org](http://www.santiagodecompostela.org)) como á que engloba redes comunitarias na que se atopa a de Fontiñas ([www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)) e na edición de Santiago do El correo Gallego <https://www.elcorreogallego.es/santiago/ecg/24-horas-compostela/idEdicion-2019-04-24/idNoticia-1178878/amp>.

Considerouse procedente utilizar xa o cartaz das anteriores edicións do proxecto, como sinal identificativo do mesmo, lembrando que foi elaborado pola orientadora do IES Antonio Fraguas.



### III.3.- A FASE DURANTE

A implementación deste proxecto concretouse nunha sesión:

ACTIVIDADE	DATA	LUGAR DE IMPLEMENTACIÓN	DESTINATARIOS
<b>Charla-coloquio</b> PROBLEMÁTICA SOCIO-SANITARIA E XUDICIAL DERIVADA DO CONSUMO DE ESTUPEFACIENTES E PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO CASO DE DETECCIÓN DUN DELITO SEXUAL	24 de abril de 2019, de 16.30 a 18 h.	Salón de actos do IES Antonio Fraguas	<ul style="list-style-type: none"> <li> Familias</li> <li> Profesorado do devandito alumnado.</li> <li> Técnicos das entidades da rede comunitaria do barrio de Fontiñas.</li> </ul>

Táboa nº 3: Actividades do Proxecto "A nosa vida..., en positivo?", 6ª ed.



## IV.- A avaliación dos resultados



## IV.1.- COMO SE FIXO A AVALIACIÓN?

Unha vez mais, en consonancia coa outros proxectos comunitarios xa realizados, se considera de especial relevancia a realización dunha avaliación participativa, que é sinónimo de risco e é básica para plantexar, no futuro, outras accións que sexan de interese para a comunidade. A metodoloxía para a realización de avaliación foi basicamente a seguinte:

- a) Realizouse unha avaliación inicial do contexto xeográfico e social no que se desenvolve o proxecto. É contextualizado na realidade social e territorial do barrio de Fontiñas; realízase así unha descrición da súa realidade social, en canto a número de habitantes, estruturación por colectivos de idade, movementos poboacionais, condicións de vivenda, diversidade cultural e socioeconómica dos seus habitantes e as principais problemáticas sociais que imperan na zona.

Vincúlase o proxecto co III Diagnóstico Social<sup>3</sup>, elaborado no ano 2015 cun enfoque comunitario, tendo en conta a mencionada realidade social e o aproveitamento da potencialidade e da oportunidade<sup>4</sup> derivada dunha intervención comunitaria consolidada e estable no tempo. Así, é relacionado con dúas liñas de intervención que se consideran básicas na zona:

- **Liña nº 6 do III Diagnóstico Comunitario:** Deseño e implementación de proxectos de prevención de condutas asociais.
- **Liña nº 11 do III Diagnóstico Comunitario:** Actividades de convivencia comunitaria.

- b) Prográmase igualmente a realización da avaliación pormenorizada da implementación do proxecto, describindo as fases do seu desenvolvemento:

- ☞ A fase “inicio”: de quen partiu a iniciativa (IES Antonio Fraguas), a redefinición da mesma (coas aportacións das técnicas do PASS Fontiñas), xuntanzas de organización, etc.

<sup>3</sup> Mais información na web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)

<sup>4</sup> GONZALEZ SANTIAGO, Eva María e VIQUEIRA PÉREZ, María Jesús. II Diagnóstico Comunitario do Barrio de Fontiñas (ano 2012). Documento que consta no apartado de “Documentación da rede do Barrio de Fontiñas” dentro da web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org) . Ver páx. 97: DAFO das entidades comunitarias.



- ☞ A “fase PRE-“: concretar e darlle forma á idea, a difusión, a distribución de roles, os contactos cos poñentes e as súas suxestións, etc.
- ☞ A fase “durante“: a implementación da actividade.

E podemos constatar como o proxecto incide en distintos ámbitos:

- ☞ Na prevención, tanto na de índole primaria (evitar a aparición de condutas sociais) como na secundaria (minguar elementos que afectan a colectivos de risco).
- ☞ Trabállase dende a propia realidade, realidades sociais próximas que nos rodea.

c) E tamén se realiza unha avaliación de resultados, dende unha **óptica cualitativa**:

A avaliación é concebida neste proxecto como unha ferramenta que evidencia os obstáculos que apareceron no camiño, pero tamén as potencialidades que xurdiron, polo que debe permitir a construción de novos escenarios, que probablemente se van materializar en futuros proxectos de intervención conxunta e mostrándose como unha avaliación non é o final dun proceso, senón un punto e seguido nas iniciativas comunitarias, que incluso as reforza e potencia.

É obrigado dar a coñecer á comunidade os resultados da implementación do proxecto, polo que o informe final de avaliación será incorporado, ao igual que xa estaba o proxecto, no apartado de documentación da web [www.compostelaintegra.org](http://www.compostelaintegra.org)

En canto a resultados, nesta ocasión os habituais cuestionarios que realiza o alumnado foron substituídos por conversas e intercambio de opinións entre os asistentes, tanto nos momentos posteriores á actividade como noutros momentos de reflexión cos técnicos e coas familia e con algún docente.

A pesar da intensa difusión realizada pola ANPA a través do correo electrónico e das redes sociais, a asistencia non foi moi alta cun número de 23 asistentes, o cal segundo indica a ANPA é unha participación moito máis alta do que soe ser habitual nas súas convocatorias.



Quizais circunstancias puntuais como a hora da actividade, o mal tempo ou a coincidencia cun claustro no IES (o cal impediu asistir ao profesorado) podan explicar en parte a pouca afluencia. Non obstante, habería que indagar e analizar, aínda que este non sexa o momento, as causas da escasa participación, a pesar do esforzo dun grupo de nais e pais altamente implicados na xestión e organización de actividades.

De tódolos xeitos, o clima xerado polas ponentes, a importancia da información aportada, a pesar da dureza da realidade de moitas das situacións presentadas, suscitou interesantes reflexións e moita participación dos asistentes.

As dúbidas que presentaron ante posibles situacións de consumos, de descoñecemento de aspectos legais ou das inxedanzas fronte aos delitos sexuais ocuparon a maioría das intervencións.

As valoracións recollidas tiveron en conta tres eixes

1. Que foi o que máis vos gustou? Que foi o máis interesante?
2. Que foi o que menos vos gustou?
3. Suxestións

**As familias** responderon á primeira cuestión indicando que foi interesante e moi positivo o xeito de comunicar das relatoras, directas, claras, sen rodeos. Gustaron moito en xeral. Algúns empregaron cualificativos como "impresionantes" e dixeron que "a verdade é que da gusto topar xente que se implique e que queira compartir os seus coñecementos".

Igualmente destacan que "tamén estivo ben o feito de que alí todas e todos eramos parte interesada, Equipo de Orientación, Profesorado, Profesionais da Sanidade, da Xustiza, do Social, nais, pais, todos xuntos cun interese común, e isto na nosa educación poucas veces o vemos".

Valoraron moi positivamente o labor da moderadora Alcira Baleato, e da orientadora Dolores Sanz, que coas súas preguntas, axudaron a facer dinámica, aberta e clara a charla.





Destacaron especialmente a presentación da maxistrada, quen a pesar da crudeza de moitas das situacións presentadas, resultoulles altamente instrutiva. Manifestaron que lles aportou información e reflexións de moito interese.

Con respecto a segunda cuestión, o horario quizás foi o menos adecuado, demasiado cedo; “aínda que é ben certo que as charlas que facemos máis tarde non teñen máis asistentes”.

Puntualmente algunhas persoas indican que co que conectaron menos foi coa presentación sobre os trastornos psiquiátricos derivados de consumos por considerala demasiado técnica.

De tódalas formas, a suxestión da psiquiatra de abordar o tema das autolesións dirixido a adolescentes, pareceulles unha boa proposta para o futuro.

Con respecto ao terceiro apartado de suxestións non houbo ningunha en concreto. Si falamos do importante que é tratar de ter, como ANPA, unha programación anual para non acumular demasiadas actividades cara ao final de curso, mesmo para o alumnado tamén.

Finalmente mediante un correo electrónico transmitiron as súas felicitacións e agradecementos por facerlles parte desta actividade e viviron como un éxito a afluencia de público con 23 asistentes, sen deixar de recordar que é unha mágoa que non asista máis xente que se poda aproveitar da información.

Dende o **ámbito docente**, con escasa presenza, pola convocatoria dun claustro, como dixemos, destacaron o interese das dúas temáticas expostas, facendo fincapé tamén nas consecuencias que no ámbito da saúde ten o consumo de cannabis, tan habitual e do que frecuentemente se minimizan os riscos. Un docente bota en falta un protocolo de actuación claro e firme de como actuar dende o centro educativo ante determinados indicadores.



Os **técnicos** asistentes fixeron as seguintes valoracións:

- Os contidos abordados e a información facilitada foi de gran interese persoal e profesional.
- O reducido número de asistentes fai reflexionar sobre cal é o mellor formato para poder chegar aos pais, principais actores da educación dos menores. Aspecto tales como, a difusión dos centros educativos e das ANPAS, demandantes desta actividade, o horario, formato da sesión, contidos, destinatarios.... son valorados a hora de programar actuacións dirixidas a pais/nais no identificando a metodoloxía idónea.
- Valorase a necesidade de poder chegar os contidos abordados ao maior número de persoas, xa que a información é un elemento primordial para a prevención.

### IV.3.- SUXESTIÓNS PARA VINDEIRAS EDICIÓNS.

Tomamos nota da posibilidade de abordar o tema das autolesións proposto pola psiquiatra Cecilia Blanco. Igualmente podería ser interesante tratar de novo a temática dos delitos sexuais coa maxistrada Ana López Suevos pero nunha charla dirixida aos adolescentes.

#### *Mirando cara ó futuro...*

Finalmente, habería que dicir que algunhas das propostas de continuidade para o futuro, (falamos dunha segunda edición do proxecto “A nosa vida... en positivo?”) suxiren abordar temas que, aínda que relacionados en edicións anteriores, supoñen afondar en aspectos diferentes, como por exemplo a problemática social derivada do mal uso de internet (adicións, ciberacoso...) ou as ludopatías e apostas on line que emerxen con forza,



en definitiva a vulnerabilidade en adolescentes e mozos asociada ás situacións dos perigos das redes sociais.

Tamén en relación coas redes sociais, hai outros aspectos como a intimidade, a propia imaxe, a autoestima, que nos levarían a incorporar suxestións como a problemática das autolesións, ou os trastornos de alimentación.

Todas estas temáticas poderían ser tratadas nas próximas edicións de A nosa vida en positivo

Consideramos que a información é básica para o “aprendizaxe vital” das persoas; que a escola forma aos rapaces dende unha óptica integral; que coñecer é saber; que saber é un pilar fundamental para a elección dos nosos actos. Polo tanto, os profesionais traballamos dende o presente, para construír o futuro das xeracións mais novas; apostamos pola prevención e pola convivencia; de aí que calquera programa de mediación ou de formación sexa considerado de sumo interese para o barrio.





## V.1.- A ACTIVIDADE EN IMAXES



## V.2.- OS SOPORTES DOCUMENTAIS



**A nosa vida...en positivo? VI**

**Vulnerabilidade social en adolescentes**  
Curso 18-19

**24 de ABRIL DE 2019**  
De 16.30 a 18.00 h  
**SALÓN DE ACTOS DO IES ANTONIO FRAGUAS**

**“PROBLEMÁTICA SOCIO-SANITARIA E XUDICIAL DERIVADA DO CONSUMO DE ESTUPEFACIENTES E PROCEDEMENTO DE ACTUACIÓN NO CASO DE DETECCIÓN DUN DELITO SEXUAL”**

Charla informativa a cargo de

- D<sup>a</sup> Cecilia López Blanco (Psiquiatra do Servizo de Paidopsiquiatría do CHUS)
- D<sup>a</sup> Ana López-Suevos (Maxistrada do Xulgado de Instrución nº 1 de Santiago)



ANPA IES A. FRAGUAS

*Nota:* Como nas pasadas edicións, mantense o cartaz elaboradora por Dolores Sanz, orientadora do IES Antonio Fraguas.



## *Esta memoria foi realizada por:*



- ✚ **Beatriz Sixto Solar;** traballadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✚ **María Jesús Viqueira Pérez;** traballadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✚ **Margarita Vázquez Teo;** educadora social do PASS Fontiñas (Servizos Sociais do Concello de Santiago de Compostela).
- ✚ **María Dolores Sanz Lobo;** orientadora do IES Antonio Fraguas.